

Fondo solidario de libros de texto e axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar

Curso 2024/2025

1

Prazo de solicitude: **do 21/5/2024 a 21/6/2024, incluídos**

Texto da convocatoria: [ORDE do 7 de maio de 2024 \(DOG do 20 de maio\)](#)

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240520/A-nuncioG0761-080524-0003_gl.html

Procedemento administrativo: ED330B

◆ Forma de presentación de solicitudes:

- **Electrónica:** utilice esta aplicación e presente solicitude na Sede Electrónica

<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>

IMPORTANTE: na presentación electrónica deberá presentar unha solicitude individual para cada un dos seus fillos.

NECESITARÁ ter: A) conta de [Chave365](#), ou B) ter instalado certificado dixital ou DNI electrónico e máis a aplicación [Autofirma](#)

- **Presencial con asistencia da aplicación** : cubra os datos nesta aplicación, imprima os Anexos I e II producidos e preséntelos no centro educativo [\[iniciar\]](#).
- **Presencial manual**: cubra os [Anexo I e Anexo II](#) da Orde da convocatoria e preséntelos no centro educativo.

2

O alumnado que non estea admitido nin coñeza en que centro vai estar escolarizado no curso escolar 2024-2025, deberá presentar a solicitude no centro no que está matriculado no curso 2023-2024.

As solicitudes por incorporación ao centro educativo fóra do prazo establecido poderán presentarse unicamente de xeito presencial no propio centro, ata o 31/3/2025.

◆ Documentación complementaria:

- Especificase no artigo 11 da [Orde de convocatoria](#)
- NON será necesario xuntar coa solicitude os DNIs, NIEs, acreditacións de discapacidade expedidas pola Xunta, acreditacións de pensión por incapacidade, ou declaracións de IRPF, sempre que NON sinala oposición á comprobación telemática pola administración (para a declaración de IRPF requírese autorización expresa) [artigo 12 da [Orde de convocatoria](#)]
- A administración poderá reclamar a presentación de documentación cando non sexa posible a verificación por vía telemática

◆ Máis información:

- <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>
- Información na [Sede electrónica da Xunta de Galicia](#)
- [Manual de usuario para solicitantes](#)
- [Listado de librerías e outros establecementos](#) participantes en Axudas Libros (utilización dos vales de libros e material).

DOCUMENTACIÓN PARA AXUNTAR ACTUALIZADA

3

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Anexo II (Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar)
- Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio ademais, deberán achegar:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor
- Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
 - Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.
 - Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar.
 - Resolución xudicial constitutiva da curatela representativa ou resolución xudicial que estableza a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, para alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
 - Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai ou a nai ou o titor ou titoras carezan de DNI ou NIE
- Outra documentación